

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004551	IES Illa de Tambo	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A oratoria é a arte de falar en público e, nunha sociedade como a nosa, existen moitos contextos para que calquera persoa teña a posibilidade (ou mesmo a obriga) de levala á práctica.

Ademais, existen multitude de mensaxes persuasivas que chegan a nós desde diferentes ámbitos (publicidade, medios de comunicación) e é necesario saber comprendelas de maneira adecuada.

Por outro lado, dominar a oratoria pode resultar útil para moitas actividades cotiás como debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, mesas redondas, breves discursos de inauguración, presentacións de ideas ante asociacións e institucións etc.

Non debemos esquecer tampoco que a oratoria é inseparable da retórica, a arte de persuadir, e é precisamente esa faceta (a de influír nas demais persoas mediante o emprego da palabra) a que obriga a que exista unha base ética para evitar comportamentos que poidan caer na demagogia; o alumnado debe saber diferenciar entre o que é convencer a unha persoa utilizando argumentos baseados na razón e outra manipulala mediante o uso de diferentes subterfuxios: falacias, medias verdades.

Por todo isto, a oratoria contribúe (como lemos no currículo da materia) a desenvolver destrezas vinculadas con competencias clave, das que aquí destacaremos tres: a competencia en comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; as competencias persoal, social e de aprender a aprender, pois a oratoria carece de sentido se non é para potenciar o autoconecemento e para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional; e a competencia emprendedora, pois a oratoria fomenta a proactividade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A argumentación	Ao longo do curso, o alumnado debe aprender a basear adecuadamente os seus argumentos, de maneira ética e baseados na razón, fuxindo de falacias e outros vicios comúns da oratoria.	34	35	X	X	X
2	A exposición oral	A longo do curso, o alumnado debe aprender a facer unha exposición oral coherente, cohesionada e adecuada acerca de diferentes temas de actualidade.	33	35	X	X	X
3	O debate	Ao longo do curso, o alumnado debe aprender a participar en debates, de maneira ordenada, mantendo sempre unha actitude respectuosa de cara aos seus compañeiros e compañeiras, utilizando unha linguaxe non discriminatoria nin sexista e dominando a linguaxe non verbal.	33	35	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A argumentación	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	O alumnado debe coñecer a historia da oratoria desde a antiga Grecia ata os nosos días.	TI	100
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	O alumnado debe entender que existe unha relación entre a oratoria e mais o debate dialéctico.		
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	O alumnado debe identificar as partes do discurso: introdución, corpo argumentativo e desenlace.		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	O alumnado debe ser capaz de entender diferentes tipos de argumentos.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado debe comprender e valorar diferentes textos persuasivos.		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	O alumnado debe ser capaz de clasificar os diferentes tipos de falacias e identificalos nun discurso.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	O alumnado debe saber diferenciar entre o que é unha opinión subxectiva e o que é información obxectiva e contrastada.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	O alumnado debe poder ver a fiabilidade e pertinencia da información usada		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado debe ser capaz de contemplar desde un punto de vista crítico as tecnoloxías dixitais.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	O alumnado debe recoñecer os diferentes tipos de argumentos que existen e utilízalos adecuadamente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística.

UD	Título da UD	Duración
2	A exposición oral	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	O alumnado é capaz de manexar fontes diversas para recompilar información.	TI	100
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumnado é capaz de contrastar as diferentes fontes informativas e extraer conclusións.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	O alumnado é capaz de diferenciar unha opinión subxectiva da información obxectiva.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	O alumnado debe ser capaz de deducir a fiabilidade e pertinencia da información manexada		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado é capaz de facer un uso responsable das tecnoloxías dixitais.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	O alumnado é capaz de modificar o seu propio discurso en función do contexto para o que o crea.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	O alumnado é capaz de elaborar un discurso coherente e estruturado.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado é capaz de elaborar un discurso gramaticalmente correcto e atractivo para os potenciais oíntes.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	O alumnado é capaz de revisar o seu propio discurso con intención de melloralo.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	O alumnado é capaz de adquirir estratexias para poder recordar o seu propio discurso sen ter necesidade de recorrer á lectura.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	O alumnado debe ser capaz de non reproducir discursos totalmente memorizados.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado debe ser capaz de falar nun rexistro informal tanto de maneira individual como en grupo.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	O alumnado debe ter unha dicción que permita aos seus íntes entendelo con claridade.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	O alumnado debe usar unha linguaxe corporal adecuada á situación comunicativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	O alumnado debe saber facer presentacións dixitais que acompañen e melloren o seu discurso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Quínésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade.

Contidos
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

UD	Título da UD	Duración
3	O debate	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	O alumnado debe poder comprobar a fiabilidade e pertinencia dos argumentos utilizados	TI	100
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	O alumnado debe poder organizar as ideas de maneira ordenada		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	O alumnado debe poder empregar recursos propios da argumentación		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado debe redactar o discurso con corrección		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	O alumnado debe ser capaz de revisar e corrixir (se é o caso) os seus propios textos		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumno debe ser capaz de debater en público en calquera contexto.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumno debe ser capaz de debater sen crear emocións negativas nos seus oíntes .		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	O alumno debe conseguir que os seus oíntes o escoiten con claridade.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	O alumno debe usar unha linguaxe corporal adecuada durante os debates.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumno debe ter un comportamento correcto e respectuoso durante os debates.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Adecuación do discurso ao contexto.

Contidos

- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.
- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Como se recolle no currículo da Lomloe, a materia de Oratoria colaborará activamente para que o alumnado acade as competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

En concreto, as principais liñas de actuación serán:

-A materia enfocárase de maneira basicamente práctica; haberá poucos contidos teóricos e priorizaranse as actividades orais. Para isto será imprescindible que na clase haxa un ambiente relaxado que permita aos alumnos e alumnas facer exposicións con comodidade e expoñer as súas opinións sen temor a posibles consecuencias.

-Será necesario potenciar as tarefas cooperativas para que os alumnos e alumnas interaccionen entre si de maneira saudable e respectuosa, axudándose mutuamente a superar calquera dificultade que poida xurdir.

-Traballarase a interdisciplinabilidade. Non se debe olvidar que esta materia, ao basearse na expresión e recepción oral, contribúe positivamente a mellorar as outras e permite un traballo conxunto. O propio documento Lomloe apunta, como accións concretas, "a creación dun concurso de debates, a organización de conferencias ou seminarios temáticos, presentacións ou simposios literarios, a creación de clubs de lectura, obradoiros, podcasts radiofónicos ou a planificación da Semana Cultural do centro".

-Potenciarase a atención á diversidade mediante actividades que combinen o traballo individual e o cooperativo.

-Incentivarase o intercambio de ideas entre o alumnado para, por exemplo, crear textos encamiñados a diferentes ámbitos, planificar exposicións orais ou debates sobre temas de actualidade ou facer a lectura, comprensión e análise de textos orais e escritos de diversos tipos.

-Perseguiranse estratexias didácticas que faciliten a auto-aprendizaxe do alumnado e que permitan a incorporación do uso e rexistro lingüístico adecuados en situacións comunicativas reais e próximas ao seu contexto académico e

social. É interesante levar a cabo exercicios prácticos que consistan en debates ou exposicións orais onde estean presentes todo tipo de posicionamentos ante un determinado tema (preferentemente, de actualidade).

-Utilizaranse instrumentos e procedementos de avaliación diversos, flexibles e adaptados ás características do alumnado. Neste sentido, serán moi adecuadas as rúbricas ou escalas de valoración para recoller os datos extraídos da observación sistemática do seu traballo.

-Pretenderase poñer en práctica un método didáctico que persiga, como tamén recolle a Lomloe, "a construción da identidade persoal do alumnado, a integración e a igualdade, espertando a súa curiosidade polo mundo e favorecendo unha produción discursiva que poida empregar como medio de comunicación oral e audiovisual".

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Oratoria para 1º e 2º de ESO. Editorial Xerais
100 actividades para hablar en público en el aula: Oratoria para colegios e institutos.
Diferentes páxinas web (http://bizarain-portafolio-digitala-dbh3.weebly.com/la-oratoria.html...)
Material creado polo profesor da materia
Ordenador e pantalla dixital

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba de avaliación inicial para verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso, para saber cal é a situación media da aula e ao mesmo tempo podermos detectar posibles necesidades de reforzo, apoio ou outras medidas.

De todos modos, cómpre engadir que nesta materia, ao ser un contido progresivo nos diferentes cursos da ESO, non precisa contrastar os coñecementos cos que chega o alumnado e abonda con facer unha avaliación da competencia comunicativa que conste de actividades de comprensión e expresión a partir dun texto, habitualmente escrito, pero tamén pode ser oral.

Esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar as deficiencias máis evidentes en canto ás destrezas lingüísticas máis básicas: entender, expresar, ler e escribir. A partir desta información deseñaremos as actividades para o desenvolvemento do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación constará de dúas partes:

-Dúas probas orais nas que cada alumno/a exporá dous traballos elaborados con antelación sobre un tema elixido por el/ela mesmo/a.

A cualificación de cada unha destas probas farase a partir dunha rúbrica que será previamente coñecida polo alumnado e que estará á súa disposición na Aula virtual da materia.

Esta cualificación suporá o 80% da nota da avaliación e resultará da media aritmética das cifras obtidas en cada unha das probas.

-O 20% restante sairá da participación de cada alumno/a nos debates que se produzan na aula e en diferentes tarefas propostas polo profesor. Neste apartado teranse en conta aspectos como:

.Que o alumno/a teña unha participación activa nos debates e nas tarefas da clase.

.Que o alumno/a saiba facer uso adecuado dos turnos de palabra (que pida turno antes de falar, que se adecúe ao tempo que se estipule, que escoite cando os demais participan, que non manteña debates paralelos...)

.Que o alumno/a teña un comportamento adecuado durante as súas intervencións (que non perda os papeis -rir sen motivo, falar demasiado alto ou demasiado baixo...-, que use unha linguaxe respectuosa e non sexista, que non se burle das ideas dos seus compañeiros/as...).

.Que o alumno/a participe nos debates con argumentos ben elaborados e pertinentes.

A materia considérase superada cando o alumnado obteña, unha vez sumadas estas dúas partes, un mínimo de 5 puntos.

A nota final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións.

Criterios de recuperación:

A finalidade desta materia é que o alumnado sexa capaz tanto de expresarse en público como de participar en debates, de maneira que o aprobado da terceira avaliación suporá a superación da mesma aínda no caso de ter suspensas as dúas anteriores. Neste caso, a nota final será a mesma que a da terceira avaliación.

Se algún alumno/a non aproba a materia unha vez feita a terceira avaliación ordinaria, tería unha última oportunidade de facelo antes de final de curso.

A recuperación consistiría na realización de unha exposición oral máis e, de ser posible, un debate.

En caso de poder facerse exposición e debate, a porcentaxe sería a mesma que durante o curso: 80% para a exposición e 20% para o debate.

Non obstante, en caso de que non poida facerse ningún debate, a exposición valería o 100% da nota final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na Oratoria non existe a posibilidade de ter a materia pendente de anos anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Tanto polo seu nivel académico coma polos seus intereses e grao de motivación, polo seu ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe, polos coñecementos previos, experiencias, etc. os alumnos e alumnas son moi diversos. Por iso os docentes debemos educar en e para a diversidade en cada grupo-clase do centro educativo.

Por outra parte, cada vez máis, contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas:

- Con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Con altas capacidades intelectuais.
- Obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Con condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Para poder incorporar ás aulas toda esta variedade de alumnado, contaremos co asesoramento e colaboración do Departamento de Orientación e co equipo docente.

Decidirase así que alumnado da ESO precisa dunha Adaptación Curricular, que alumnado precisan da profesora de Apoio, en que cursos é máis necesario facer desdobres e que alumnado precisa dun seguimento máis individualizado para podermos facilitar a súa mellora académica.

Todas estas medidas axudan a conseguir que o alumnado que as recibe poida alcanzar os obxectivos programados, pero está claro que ás veces son insuficientes porque para atender adecuadamente todas as realidades que atopamos na aula precisamos ratios moito máis reducidas que as actuais. Así e todo, as medidas de atención á diversidade (apoios, programas de reforzo, desdobres, etc.) son as que dan un plus de calidade a un sistema educativo público.

Polo que respecta ás medidas de aula, é o profesorado quen debe planificar outras estratexias e actividades -en colaboración co equipo docente e atendendo ás pautas indicadas polo Departamento de Orientación- que faciliten a integración das alumnas e alumnos con necesidades específicas e axuden á consecución dos obxectivos previstos; entre estas medidas caben os Recursos complementarios de reforzo e ampliación, orientados ao perfil do alumno.

- Utilización dos materiais de diversificación que inclúen os proxectos editoriais.
- Medidas de intervención que traten de paliar as dificultades inherentes ao trastorno diagnosticado, tendo en conta o informe da avaliación psicopedagóxica.
- Control de apuntamentos e axenda e asemade recordatorio da entrega de tarefas, datas de controis, etc.)
- Atención especial nos exames: marcar claramente -e mesmo destacar- as preguntas e as diferentes ordes, controlar que se entenden as instrucións, tempo extra, etc.
- Lecturas guiadas nos temas de contidos -na aula ou fóra dela- coas anotacións oportunas, esquemas, resumos, etc.
- Escolarizar o alumnado con TDAH nas aulas ordinarias, desenvolvendo as medidas de atención á diversidade adaptadas ás súas necesidades.
- Ter en conta as medidas de atención á diversidade recollidas no Plan de Atención á Diversidade e no Plan de Convivencia do centro educativo.
- O alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.
- Adaptar o currículo ás capacidades, estilo de aprendizaxe e necesidades do alumnado.
- Utilizar apoios e reforzos visuais na instrución oral.
- Adaptar as probas de avaliación (preguntas curtas e claras, exame oral, máis tempo, un por día, deixar suficiente espazo entre as preguntas, pedir que o revise antes de entregalo).

- Uso da axenda: anticipar datas de exames, material a utilizar, contidos, datas traballos, etc.
- Empregar o reforzo positivo ante a boa conduta e non so o castigo.

PROTOCOLO TRATAMENTO EDUCATIVO DO ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477>

Orientacións para a intervención psioeducativa:

- A escolarización debe realizarse, preferentemente, en centros ordinarios.
- O rexistro nunha axenda das tarefas que ten que facer e dos materiais que precisa, garantindo a coordinación do profesorado e da familia.
- O apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións.
- A utilización dunha linguaxe clara, precisa (de poucas palabras) e sen uso de dobres sentidos, sentidos figurados ou ironías.
- Tarefas de recuperación adaptadas.
- Disposición adecuada ás necesidades no espazo da aula: lugar da mesa e compañeiros.
- Potenciación de actividades voluntarias para alumnos con intereses ou capacidades altas.
- Outras que o profesorado e/ou equipo docente considere para cada caso concreto.

De se dar o caso de contarmos entre nós con alumnado que estea diagnosticado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) ou con Trastorno do Espectro Autista poñeremos a funcionar os protocolos de actuación específicos que están deseñados e publicados pola Consellería de Educación (www.educonvides.galPROGRAMACIÓ N (2ª fase). docx) e que sintetizamos aquí:

PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/12908>

Orientacións para a intervención psioeducativa: Salientar:

- Traballo en proxectos que faciliten a integración.
- Tarefas en grupo (agrupamentos variados e flexibles). A garantía de que se comprenden as ordes e normas xerais da aula, o que, ás veces, require dirixirse explicitamente ao alumnado e adaptarse ao seu nivel de comprensión.
- Reducir o nivel de complexidade das actividades, e que teñan un principio e un fin claros.
- Empregar reforzadores suficientemente poderosos e recoñecer pequenos logros adquiridos, para manter motivado o alumnado.
- Adaptar as probas de avaliación (preguntas curtas e claras, exame oral, máis tempo, un por día, deixar suficiente espazo entre as preguntas, pedir que o revise antes de entregalo).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X		
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración de debates con público dentro do propio centro	Estes debates terían un tema de actualidade previamente pactado co alumnado e celebraríase cun aforo cada vez máis grande en función de como os e as participantes se foses sentindo cómodos/as: comezaríase na aula para despois facerse na biblioteca e, por último, no salón de actos.			
Organización de debates con outros centros da contorna	Contactaríase cos outros centros do Concello para organizar debates entre o diferente alumnado.			

Observacións:

Cabe comentar que todas estas propostas só se poderán levar a cabo se o alumnado de Oratoria se presta a iso. Trátase de actividades de tipo voluntario e que unicamente buscan que os rapaces e rapazas adquiren novas experiencias e medren como persoas pero non son imprescindibles para superar a materia con éxito e, en consecuencia, só se farán se eles e elas así o desexan.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Os resultados académicos foron satisfactorios.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Conseguíuse un ambiente motivador na aula.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
As probas de avaliación foron corrixiadas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase.
Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino aprendizaxe das fillas ou fillos.

Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

Descrición:

Ao finalizarmos cada unha das avaliacións faremos unha análise dos resultados acadados e, de ser preciso, estudaremos as posibilidades de mellora para poñérmolas en práctica se for posible.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A xefa de departamento da materia de Lingua galega e Literatura elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria de departamento esixida por lei e, a partir dela, o Departamento extraerá os datos pertinentes e concretará as propostas de mellora que se consideren necesarias.

Tamén parece conveniente comparar os resultados obtidos nesta materia cos das outras (sobre todo as materias do bloque lingüístico) por se se tivese que facer algunha corrección tanto nos contidos como na metodoloxía empregados.

Finalmente, sempre é adecuado atender as suxestións que nos poidan facer dentro da comunidade educativa: os propios compañeiros/as, o equipo directivo, as familias e, por suposto, o alumnado.

9. Outros apartados